



Arrolos

Este nenino que teño no colo
chámase Amaro, Benito, Antonio.
Dios que mo deu que mo volva a levar
pra non andar con andengues no colo.

Esta noite no
mañá si, agora non.

Home que vas no tellado
trepas do xeito
que o pai do meniño
está dormentado.

Mañá vou ó muiño
o que me queira algo
que me saia ó camiño.

Miña mai e mais a túa
foronse a unha romaría
/: i a túa como é galdropa
comeulle a merenda á miña :/

Miña sogra morreume onte
enterreina no palleiro,
deixeille un brazo fora
pra que tocasse o pandeiro.